



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Mesa Campaña de Renda 2009

No día de onte a Administración convocou a primeira reunión coa parte social para tratar a próxima Campaña de Renda.

Con todo, a reunión limitouse a unha primeira toma de contacto "informativa" pois só se facilitaron unha serie de datos estatísticos sobre a campaña anterior (número de declaracións, borradores...etc,etc) pero dos datos que realmente nos interesan, nada de nada, seguimos sen coñecer o dispoñibilidade económica para esta nova campaña nin a súa distribución por delegacións.

Tampouco se facilitou unha proposta por escrito coas condicións a tratar para a Campaña de Renda, pero sí se informou á parte social dos cambios substanciais que se van producir no programa PADRE, polo que a AEAT ten previsto un curso de formación de 15 horas para explicar aos participantes as novidades do programa de confección de declaracións.

Como xa dixemos ao comezo da nota, a reunión foi meramente "propagandística" pois non poidemos nin achegar as nosas propostas. Quedamos en tratar de novo a Campaña de Renda o día 25 de febreiro, na que, esperamos que a AEAT facilite por escrito a súa proposta de organización da Campaña .

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM